

DÉCIMA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

1. O incumprimento das cláusulas do convenio.
2. A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
3. A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por **Resolución de Presidencia núm. 3962** de data 2 de febreiro de 2024.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente Convenio por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

**O REPRESENTANTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA.**

Asdo.: Xosé Luis Penas Corral

**A REPRESENTANTE DO
CONCELLO DE TORDOIA.**

Asdo.: María del Mar García González

**A SECRETARIA XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo.: Amparo Taboada Gil



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



CONCELLO DE TORDOIA

Número 28 /2024

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A XESTIÓN INTEGRAL E ATENCIÓN DE VISITANTES DO DOLMEN DE CABALEIROS

Na Coruña, a 22 de abril de 2024

Ante mín, Dona Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, Don Xosé Luis Penas Corral, en representación da Deputación Provincial da Coruña e doutra Dona María del Mar García González, en representación do Concello de Tordoia

EXPOÑEN

- 1.- A Deputación provincial da Coruña realizou numerosas actuacións encamiñadas á protección, conservación, rehabilitación e posta en valor do Dolmen de cabaleiros
- 2.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de cooperación necesarias, para a posta en valor deste conxunto arquitectónico a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Tordoia acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Tordoia, CIF: P1508500D por medio do cal a Deputación provincial da Coruña encomenda ao Concello de Tordoia, a xestión integral e servizo de atención de visitantes ao Dolmen de Cabaleiros, durante o ano 2024.

SEGUNDA: OBRIGAS DO CONCELLO DE TORDOIA.

1. O concello de **Tordoia** fará constar en todos os programas, folletos e carteis, etc., **o financiamento da Deputación** Provincial da Coruña.
2. O concello de Tordoia achegará o persoal necesario para a atención a visitantes, e outras actividades no Dolmen de Cabaleiros, durante o período de imputación de gastos que figura na cláusula CUARTA do convenio. O concello porá en funcionamento o centro e encargarse das visitas que reciban.
3. Manter en perfectas condicións de conservación e limpeza o monumento.
4. **Promover o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, debendo ser o idioma utilizado o galego, tanto nas visitas guiadas como nos logotipos empregados.**
5. O concello de Tordoia comprométese á apertura dos centros de acordo cos horarios que se establecen na cláusula TERCEIRA e **elaborará unha estatística de visitas mensual e de xeito obxectivo e valorable.**

Actividades de atención ó visitante:

- Facilita-la visita do recinto colaborando en todo o que sexa posible para que poidan realiza-la nas mellores condicións, prestando os servizos de guía, monitorado ou similares.
- Facilitar ós visitantes folletos e información turística e cultural sobre o Dolmen de Cabaleiros e o seu entorno (Comarca de Ordes)
- Prestar servizos a grupos de visitantes.
- Controla-lo adecuado tránsito polo inmobile e establecer circuitos.

ACTIVIDADES DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN:

- Dar a coñecer o Dolmen de Cabaleiros como recurso turístico de Tordoia e de toda a Comarca de Ordes
- Levar a cabo unha labor didáctica sobre escolares, para que poidan visitar o Dolmen e con a poboación local e os visitantes, e fagan unha labor de divulgación deste recurso.
- Trátase de divulgar este recurso e os seus contidos con diferentes ferramentas:
 - o Web do Concello de Tordoia, e redes sociais
 - o Prensa e medios de comunicación
 - o Material impreso
 - o Mailings
- Accións de divulgación e comunicación teñen os seguintes públicos obxectivos:
 - o Profesionais de hostelería de Tordoia
 - o Poboación de Tordoia
 - o Profesionais de hostelería de Tordoia e comarca, e limítrofes.
 - o Puntos de información turística e museos
 - o Centros educativos da provincia e asociacións
 - o Axencias de viaxes

Para cada un deles é necesario deseñar unha estratexia de comunicación diferente.

TERCEIRA: ATENCIÓN DO PERSOAL E HORARIO

Os servizos de atención a visitantes e demais actividades deberán prestarse por profesional cualificado, ben persoal propio do concello ou ben cos correspondentes contratos que realice ao amparo do establecido na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do Sector Público.

En ningún caso o persoal que adscriba o concello ao obxecto do contrato baixo calquera modalidade laboral ou administrativa, suporá creación de relación laboral algunha coa Excm. Deputación Provincial da Coruña.

O horario de atención ao público será como mínimo:

Inicio do servizo	1 de xullo de 2024
Entre o 1 de xullo do 2024 ata o 30 de setembro do 2024	Atención dende o 1 de xullo ata o 30 de setembro do 2024 Horarios de visitas guiadas: Sábados, domingos e festivos Horario: De 11:00h. a 19:00 h. Disponibilidade de acceso ao dolmen: Todos os días Entrada de visitas guiadas: Gratis

CUARTA: OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

1.A Deputación provincial da Coruña abonará ao concello de Tordoia, o importe correspondente ao 100% dos gastos non cubertos por ingresos da actividade, ata un máximo de 3.815,59 euros, para o periodo de imputación de gastos que figura no convenio, de 1 de xullo de 2024 ata o 30 de setembro de 2024, con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3362/22609, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupuestario correspondente.

2. No caso de que os gastos xustificadas non cubertos con ingresos da actividade, foran superiores, a achega provincial non superará en ningún caso a cantidade indicada na cláusula CUARTA do convenio.

3. Aboarase de conformidade co disposto na cláusula QUINTA do texto do convenio.

QUINTA: FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial abonará ao Concello de Tordoia a achega correspondente da seguinte maneira:

1. Efectuaranse mediante pagos mensuais por períodos vencidos, polo importe proporcional correspondente.
2. En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado.
3. Requirirán a presentación de certificación de gastos expedida polo Sr. Secretario co Vº e pr. do Alcalde-Presidente do Concello de Tordoia.
4. Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito ao servizo e informe estatístico de visitantes.
5. Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.
6. Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Tordoia deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.
7. Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.
8. O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houbese.
9. O importe da achega da Deputación provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

SEXTA: SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmobile e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

As actividades que desenvolva o Concello no Dolmen de Cabaleiros deberán ser compatibles coa finalidade e adecuado uso deste ben cultural, para o que se deberán adoptar todas as medidas necesarias para a súa total protección e perfecta conservación.

SÉTIMA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmobile seguirá sendo propiedade da Excm. Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar no mesmo as actividades que estime oportunas.

OITAVA: VIXENCIA

1. O prazo de vixencia do presente convenio esténdese **dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de marzo de 2025**.
2. As actividades se realizarán, aos efectos de imputación dos gastos, **entre o 1 de xullo de 2024 e o 30 de setembro de 2024**, e terán que estar xustificadas 1 mes antes do vencemento do período de vixencia do convenio.
3. Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio.

NOVENA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.